



IV ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA Á PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025.

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, Don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

MANIFESTAN

- I. Que o día 1 de outubro de 2022, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a xestión do plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 (en diante, o Convenio).
- II. Que o obxecto do dito Convenio é a regulación da colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.
- III. Que a Estratexia Galicia Dixital 2030 ten entre os seus obxectivos promover as competencias dixitais da cidadanía, fomentar educación dixital e impulsar unha comunidade dixital, verde e eco-eficiente. Os ditos obxectivos recóllense nos eixos estratéxicos segundo *E2. Sociedade Dixital e Inclusiva*, cuarto *E4 Territorio Intelixente, verde e resiliente* e sétimo *E7 economía dixital e sostible*.
- IV. Que o software libre é unha ferramenta transversal para a consecución destes obxectivos, por iso dende a Amtega se vén facendo un importante





esforzo na súa difusión e fomento do seu uso, materializado no Plan de acción de software libre, que anualmente define todas as actividades que dende a administración se van levar a cabo neste eido.

- V. Que coa finalidade de promover o software e a soberanía dixital; facer fincapé no uso e consumo responsable dos equipos electrónicos e promover o alongamento da súa vida útil para diminuír os residuos electrónicos; contribuír á redución da fenda dixital e promover unha sociedade dixital máis igualitaria, así como contribuír na mellora do acceso a medios tecnolóxico para o fomento do talento dixital; a Amtega está a impulsar a reciclaxe de equipos informáticos e o alongamento da súa vida útil a través do uso de software libre, como ferramenta que permite adaptar mellor o software ás características do hardware; contribuíndo deste xeito á consecución dos anteditos obxectivos.
- VI. Que, o equipamento obxecto de cesión, é propiedade da AMTEGA dende hai anos, e non foron adquiridos coa finalidade exclusiva de ser entregados a terceiros; pois foron empregados cumprindo o cometido ao que foron destinados.
- VII. Que no marco deste impulso á reciclaxe e alongamento da vida útil dos equipos, a Amtega identifica como oportunidade para o fomento da reutilización do equipamento con sistemas operativos e ferramentas de software libre a súa doazón a colectivos interesados en poñer en marcha actividades asociadas a algún dos obxectivos nomeados no parágrafo anterior.
- VIII. Que desde 2014 a Amtega e a Fegamp veñen colaborando na promoción dos coñecementos e competencias dixitais da cidadanía e o impulso da innovación social dixital a través da colaboración e participación da cidadanía, innovadores e comunidades, para xerar emprego local e novas oportunidades para emprendedores/as locais, vencelladas á innovación social dixital; considerándose polo tanto que a Fegamp, dentro do seu ámbito de competencias, está chamada a continuar desenvolvendo un papel fundamental, servindo de canle de comunicación entre as distintas entidades locais de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e para o desenvolvemento de actuacións en materia de inclusión e capacitación dixital.
- IX. Que neste contexto, e no marco da posta en marcha dun proceso que permita a cesión de equipamento informático con software libre, as partes consideran modificar o clausulado do Convenio no sentido de ampliar a súa colaboración e o alcance das actuacións recollidas inicialmente, ao abeiro da dita capacidade que a FEGAMP ten para chegar ao eido local galego.
- X. Que mediante o presente documento e coa finalidade de recoller por escrito os termos das modificacións acordadas, as partes, de mutuo acordo, proceden a asinar a presente Adenda (en diante, a Adenda) que se rexerá segundo as seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Esta Adenda ten por obxecto engadir unha nova cláusula e modificar as cláusulas primeira, quinta, sexta e décimo sétima do Convenio de Colaboración Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

SEGUNDA.- Modificación da cláusula de obxecto

A Amtega e FEGAMP acordan a modificación da cláusula primeira, relativa ao obxecto do convenio, que queda redactada como segue:

Primeira.- Obxecto

“O presente Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 así como na xestión da doazón de equipos informáticos por parte da Amtega. En virtude deste convenio, esta colaboración desenvolverase nos seguintes ámbitos:

- A Fegamp actuará como entidade colaboradora na xestión das subvencións concedidas ás entidades locais que teñan aulas de referencia da Rede CeMIT por cumprir os requirimentos descritos na cláusula segunda, no apartado 1. Niveis de actividade para ser aula de referencia.*
- A Fegamp asistirá e colaborará na incorporación das entidades locais ao Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT durante o seu período de vixencia (2022-2025), a través da recepción e comprobación das solicitudes.*
- A Fegamp colaborará na incorporación de novas aulas á Rede CeMIT e na determinación dos criterios de incorporación de novas aulas. En todo caso deberá atenderse ao Anexo 1 deste documento.*
- A Fegamp efectuará a recepción das solicitudes de doazón de equipos informático, e realizará a distribución e entrega do equipamento cedido pola AMTEGA.*

Este convenio enmárcase dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.”

TERCEIRA.-Nova cláusula cuarta bis





De igual modo, as partes acordan a ampliación das actuacións previstas no Convenio, polo que conveñen engadir a cláusula cuarta bis, que se incorporará quedando redactada do seguinte modo:

Cuarta bis.- Xestión da doazón de equipos informáticos

"O presente Convenio de Colaboración ten entre os seus obxectivos, establecer a colaboración entre a Amtega e a Fegamp para a cesión de equipamento informático por parte da Amtega. Deste xeito, a dita Axencia, logo dun proceso de actualización do equipamento informático obxecto de cesión, procederá á cesión gratuíta a favor de FEGAMP daquel equipamento desa natureza que xa non sexa necesario para o seu uso na administración, xa amortizado con valor cero no seu inventario e que se considere que aínda puidera ser reutilizable por outras persoas tras un reacondicionamento.

A cesión do equipamento, dará paso a un proceso de solicitude de equipamento informático, dirixido a colectivos sen ánimo de lucro para a realización de actividades que se axusten a algún dos seguintes obxectivos:

- *Promover o software libre e a soberanía dixital.*
- *Facer fincapé no uso e consumo responsable dos equipos electrónicos e promover o alongamento da súa vida útil, para diminuír os residuos electrónicos.*
- *Contribuír á redución da fenda dixital e promover unha sociedade dixital máis igualitaria.*
- *Contribuír na mellora do acceso a medios tecnolóxicos para o fomento do talento dixital."*

CUARTA.-Modificación da cláusula quinta

As partes acordan a modificación da cláusula quinta relativa ás obrigas da Amtega, engadindo un novo punto 5 que recolle as obrigas asumidas pola Axencia no marco da colaboración para a doazón de equipamento informático, coa seguinte redacción:

"5. Para a doazón de equipamento informático:

- *Cederá o equipamento obxecto da mesma, á FEGAMP en tres entregas (febreiro, xuño e outubro) ao ano; a un único punto xeográfico indicado pola FEGAMP, que actuará tendo en conta os criterios establecidos no presente Convenio. A cesión será gratuíta e axustarase ao disposto nos artigos 145 e concordantes da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Efectuará os controis da documentación entregada pola FEGAMP, para asegurar que a distribución se está a efectuar dentro dos criterios establecidos.*
- *Entregará os equipos cun sistema baseado en software libre.*





- *No caso de que os equipos precisen de condicións especiais, entregará á FEGAMP instrucións de instalación e parametrización específicas. Non se inclúen tarefas de instalación e/ou configuración.*
- *Verificar a aplicación dos bens e dereitos ao fin para o que foron cedidos, podendo adoptar para isto cantas medidas sexan necesarias.”*

QUINTA.- Modificación da cláusula sexta

As partes acordan a modificación da cláusula sexta relativa as obrigas da Fegamp, engadindo a un novo punto 5 que recolle as obrigas asumidas no marco da colaboración para a doazón de equipamento informático, coa seguinte redacción:

“5. Para a xestión da doazón de equipamento informático

- *Aceptará a cesión, segundo o establecido no presente convenio.*
- *Recibirá as solicitudes de doazón de equipamento, velando por que as ditas solicitudes recollan, como mínimo, o número de equipos solicitados, os destinatarios dos mesmos e o fin para o que serán entregados. A FEGAMP elaborará un ANEXO de obrigada cumprimentación por parte do solicitante.*
- *Comprobará e validará que se encontran en liña cos obxectivos definidos.*
- *Informará aos solicitantes de que a distribución dos equipos está asociada á realización de actividades que cumpran cos obxectivos nomeados na cláusula cuarta bis apartado primeiro.*
- *Informará aos solicitantes da obrigatoriedade de manter, durante o aproveitamento dos equipos doados, un sistema baseado en software libre coas mesmas características co que foi entregado, e recadará unha Declaración responsable ao efecto.*
- *Informará aos solicitantes das condicións especiais, no seu caso, así como das instrucións de instalación e parametrización específicas.*
- *Emitirá á AMTEGA un informe con carácter semestral no que se recollan todos os colectivos beneficiarios, así como o obxecto do equipamento doado.*
- *Destinar o equipamento cedido aos fins que xustifican a dita cesión e que especifican na cláusula cuarta bis. De conformidade co disposto no artigo 145.7 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, cando o equipamento cedido fose destinado ao fin previsto durante un prazo de catro anos, entenderase cumprido o modo.”*





SEXTA.- Modificación da cláusula décimo sétima

Na cláusula décimo sétima engádese, entre a normativa pola que se rexerá o convenio, a Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA.- Entrada en vigor e duración da Adenda

A presente Adenda entrará en vigor na data da súa sinatura. A duración e efectos das condicións contidas na presente Adenda estarán vinculadas á vixencia do Convenio, sen prexuízo da obriga de manter o equipamento cedido destinado ao fin que xustifica a cesión cando menos durante 4 anos, de conformidade co disposto no artigo 145.7 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Superados os catro anos, segundo o establecido no artigo 145.7, "cando os bens e dereitos fosen destinados ao fin previsto durante un prazo de catro anos, entenderase cumprido o modo".

OITAVA.- Ámbito da presente Adenda

Esta Adenda incorpórase ao Convenio, do que forma parte inseparable e ao que complementa en todo o que non substitúa expresamente. En consecuencia, o resto das condicións e cláusulas previstas no Convenio e os seus Anexos conservan a súa vixencia a resultan aplicables sempre que non foren expresamente modificadas polo previsto nesta Adenda.

Sen prexuízo do anterior, as partes acordan que no mes de sinatura desta addenda se fará unha entrega excepcional de equipamento cedido, nos mesmos termos e condicións previstos no novo punto 5 da cláusula quinta e concordantes.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan esta Adenda na data da sinatura electrónica.

**O Director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia**

**O Presidente da Federación
Galega de Municipios
e Provincias (Fegamp)**

D. Julián Cerviño Iglesia

D. Alberto Varela Paz

